

Mos chegará a 2023 con
"débeda cero"
segundo a alcaldesa

Páxina III

A porriñesa Avanza prata
e bronce na Copa de
España de ciclocross

Páxina V

Música e teatro nas rúas
tudenses polo Nadal

Páxina VIII

Salceda reparte máis de
92.000 € para as
asociacións a pesares do
parón da actividade

Páxina VII

Orpagu recibe o Premio
Alimentos de España

Páxina XI

4 millóns de euros para
o Baixo Miño no Plan
Concellos 2021

Páxina XV

"O goberno español ten que comprometerse en firme co AVE Vigo-Porto"

Ethel María Vázquez Mourelle,
Conselleira de Infraestruturas e
Mobilidade da Xunta de Galicia

Páxina II



Tomiño conta xa con WIFI de balde na praza do Seixo

Páxina X



ENTREVISTA

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia

"O goberno español ten que comprometerse en firme co AVE Vigo-Porto"

Ethel Vázquez Mourelle (Santiago de Compostela, 1972) asumiu en setembro pasado a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia. Un terreo que coñece ben, xa que con anterioridade foi directora da Axencia Galega de Infraestruturas (2012), Conselleira de Medio Am-

biente, Territorio e Infraestruturas (2014-2015) e Conselleira de Infraestrutura e Vivenda (2015-2018). Nesta entrevista repasa para A Peneira-Novas do Eixo Atlántico os retos que se presentan para a nova lexislatura, así como temas de actualidade como o AVE Lisboa-Porto-Vigo e a PLISAN.



1.- Acaba de asumir un novo período de goberno na Xunta de Galicia á fronte da área de infraestruturas. Cales son as prioridades para a súa Consellería nesta nova etapa 2020-2024?

Son moitos os proxectos e actuacións previstos nesta lexislatura, destacando a transformación do transporte público, fundamentalmente no rural, fomentar unha mobilidade segura no novo contexto da COVID e achegar a todo o territorio as vantaxes económicas das que xa gozan as áreas de transporte metropolitano. Seguiremos apostando por unha mobilidade máis sostible, abordando a mobilidade como un servizo, 'Mass, mobility as a service', onde o vehículo particular teña menos protagonismo.

Tamén seguiremos apostando por incrementar a competitividade do noso territorio impulsando novos eixes de comunicación e investindo na mellora das estradas autonómicas.

Continuaremos prestando apoio aos Concellos no desenvolvemento das súas competencias municipais

de saneamento, abastecemento e depuración, dando os pasos definitivos para a creación dunha sociedade pública para a xestión da auga; para garantir a xestión axeitada dos servizos da auga e abaratar os custos asociados á súa prestación, poñendo á disposición dos Concellos unha xestión máis profesional e especializada dos seus servizos municipais.

Nesta lexislatura tamén temos outro gran cometido nesta Consellería, con especial significado nestes tempos da COVID 19, que é o impulso e execución de equipamentos sanitarios. Desde a Axencia Galega de Infraestruturas xa nos últimos anos vimos traballando na construción de novos centros de saúde e na reforma e ampliación de infraestruturas hospitalarias. Na actual lexislatura seguiremos afondando neste cometido, na xestión de infraestruturas sanitarias, sendo os dous principais retos de futuro o avance no hospital Gran Montecelo, en Pontevedra, e no novo hospital público da Coruña, o Novo Chuac.

E por suposto, estaremos atentos, vixilantes e reivindicativos para que o Goberno de España cumpra os compromisos con Galicia, para que se atendan as demandas da Comunidade en canto ás infraestruturas estratéxicas, viarias, ferroviarias como o Corredor Atlántico do Noroeste, e tamén en relación ás peaxes da AP-9.

2. Un proxecto estratéxico para as infraestruturas e a economía galegas é o AVE Lisboa-Porto-Vigo. O goberno portugués vén de anunciar o seu total apoio a este proxecto, con vistas a finalizalo en 2030. Como valora esta decisión do goberno portugués e como repercutirá no desenvolvemento económico de Galicia?

Desde Galicia aplaudimos a decisión do Goberno de Portugal de potenciar as conexións ferroviarias coa nosa Comunidade e de incluír a conexión en alta velocidade entre os dous territorios no seu Plan Nacional de Investimentos. Desde o Goberno galego vimos defendendo, desde hai anos, o fortalecemento da Eurorrexión Galicia-

Norte de Portugal a través de comunicacións que permitan incrementar a competitividade dos nosos territorios. Por iso compartimos co Goberno de Portugal esa necesidade de impulsar a alta velocidade entre Vigo e Porto.

Consideramos que ese posicionamento explícito do Goberno luso fai tamén ineludible unha resposta equivalente e un compromiso similar por parte do Goberno de España. O Executivo español ten que comprometerse en firme co AVE Vigo-Porto sabendo tamén que é un proxecto que acumula moito retraso.

O certo é que desde a Xunta xa temos trasladado ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana un completo estudo custo-beneficio que acredita a rendibilidade da Saída Sur de Vigo. Pese a isto, o Goberno de España ten anunciado un novo estudo de viabilidade sobre a Saída Sur que vén retrasar aínda máis unha infraestrutura estratéxica para Galicia e

para o Norte de Portugal.

Nós pedímoslle ao Executivo español que aposte decididamente pola alta velocidade entre Vigo e Porto, que aproveite a oportunidade única que abren os fondos europeos de reconstrución e que licite o estudo informativo e o trámite ambiental da Saída Sur. Ese sería o único avance real e efectivo para impulsar de xeito decidido a liña de alta velocidade co país veciño. Unha liña de alta velocidade que suporá a redución dun 57% dos tempos de percorrido e que, sen dúbida, contribuiría a apuntalar a competitividade e a estreitar os lazos e a cooperación entre ambos os dous territorios.

3. Paralelamente, como observa o actual contexto económico, empresarial e de innovación tecnolóxica dentro da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, en particular ante o proceso de deslocalización económica no veciño país?

O Goberno galego vén apostando

Moda - Decoración

ROMERO

desde 1890

Constitución, 3 - PONTEAREAS

☎ 986 640 008

GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

REPSOL

de xeito decidido nos últimos anos por crear ferramentas que axuden a que as empresas elixan Galicia como lugar no que investir e no que desenvolver o seu proxecto empresarial. Por exemplo, impulsouse a Lei de Implantación empresarial ou o Plan de captación de investimentos, ademais de medidas encamiñadas a favorecer a innovación, a reducir burocracia e axilizar os trámites administrativos. A principios de 2021 tamén se aprobará a Lei de reactivación, que ofrecerá vantaxes aos proxectos empresariais estratéxicos, máis axilidade administrativa, incentivos fiscais e facilidades para acceder ao solo industrial.

De xeito paralelo, tamén desde a Xunta estamos a promover a urbanización e a venda de solo empresarial a través do IGVS e da empresa pública Xestur. Aínda que o Goberno galego non ten capacidade para intervir na compra-venda de naves industriais nin nos prezos, desde o ano 2015 estableceuse unha política de bonificacións de ata o 50% nos prezos do solo industrial, unha política de incentivos que se saldou con moi bos resultados e cunha grande acollida por parte dos interesados. A partir do ano 2016 ofreceuse tamén a posibilidade de facerse con algunhas parcelas baixo a fórmula en dereito de superficie, unha modalidade que lle permite ás empresas acceder a solo industrial mediante o pago dun canon anual moi reducido por metro cadrado. O resultado destas medidas foi a reactivación das adxudicacións de solo empresarial nos parques dependentes da Xunta, cun balance en cinco anos de máis de 2,3 millóns de metros cadrados de solo adxudicados, divididos en 476 parcelas e correspondentes a 350 empresas. E vanse manter eses incentivos, como así se recolle nas contas da Xunta de 2021.

4. Outros dos proxectos importantes en materia de infraestruturas é o polígono industrial da PLISAN, no Concello de Salvaterra. Cales son as perspectivas que dende a Xunta de Galicia observan con este proxecto?

Esta plataforma empresarial conta cun investimento superior aos 231 millóns de euros por parte das tres entidades promotoras –a Xunta, a Autoridade Portuaria e o Consorcio da Zona Franca- e máis de 350.000 m² de solo á disposición das empresas. Polo tanto, a importancia estratéxica do proxecto para a zona sur de Galicia, e mesmo para o conxunto da Comunidade, é indiscutible.

Neste sentido, os dous últimos anos foron claves para avanzar e seguir dando pasos decisivos para garantir o impulso definitivo da Plisan e que se converta no gran polo de atracción económica e empresarial que está chamado a ser. Primeiro, grazas ao esforzo realizado polos tres promotores para lograr desbloquear o proxecto e garantir a ad-

xudicación dos terreos da zona loxístico-empresarial o antes posible; e despois, coa convocatoria da poxa pública que permitiu a venda das primeiras cinco parcelas da Plisan.

Os orzamentos da Xunta para o ano 2021 confirman a aposta pola Plisan, un exercicio no que, concretamente a Consellería de Medio Ambiente, ten reservada unha partida de dous millóns de euros destinada a convocar un novo procedemento de venda de solo en resposta ao interese que nos ten trasladado o tecido empresarial da zona.

Cómpre lembrar que a finais do pasado mes de setembro tamén se procedeu á recepción das obras da estación depuradora de augas residuais (EDAR) da Plisan, unha infraestrutura na que o investimento supera os 4,31 millóns de euros e coa que se dá un paso máis cara á posta en funcionamento do parque empresarial; mentres que as obras de construción da estación de tratamento de auga potable (ETAP), cun custo superior aos 7,23 millóns de euros, seguen a bo ritmo, co obxectivo de que poidan estar rematadas este mesmo ano.

5. Nese sentido, o Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG) tiña en mente construír no PLISAN, un circuíto de alta velocidade para probas de coches autónomos. O proxecto ten o apoio da Zona Franca, da Xunta de Galicia e do Porto de Vigo. Finalmente, a CTAG descartou participar. Que pode falarnos deste proxecto que transformaría a industria automobilística galega?

O compromiso da Xunta co desenvolvemento da automoción é máximo. De feito, trátase dun dos nosos sectores estratéxicos. Nos últimos anos, da man do CTAG, pero tamén de Ceaga e de empresas tractoras como PSA, desde a Xunta estamos impulsando proxectos e liñas de axudas que apostan pola innovación e a formación; apoios encamiñados a avanzar no coche do futuro: un vehículo eléctrico, autónomo e conectado.

Son obxectivos estratéxicos para Galicia e, por iso, foron recollidos dentro da iniciativa AutoAncora, que a Xunta presentou –da man de Ceaga, PSA e CTAG– ao Goberno central e que se enmarca dentro da candidatura galega para optar aos fondos europeos de recuperación Next Generation.

AutoAncora prevé mobilizar 1.300 millóns de euros e crear 900 postos de traballo a través de proxectos que permitan manter a competitividade e fomenten a transformación das factorías e empresas do sector de compoñentes; impulsar as capacidades loxísticas para abaratar custos; mellorar a formación dos traballadores; avanzar na dixitalización das fábricas; así como a construción dunha infraestrutura para poder probar os coches autónomos e conectados e un laboratorio tecnolóxico de propulsión limpa.

Mos chegará a 2023 con "débeda cero"



O Pleno do Concello de Mos aprobou con maioría dos votos da Corporación Municipal o orzamento para 2021, destacando a abstenición da concelleira non adscrita Verónica Costas e os votos en contra de PSOE, Gañamos e BNG.

Así, a partida orzamentaria adicada á amortización de débeda pública ascende a 1.315.381,08 euros e, segundo informou a alcaldesa, Nidia Arévalo, “continuaremos nesta liña e en 2 orzamentos máis, no ano 2023, acadaremos a débeda cero no Concello de Mos”.

O orzamento total de 2021, presentado en tempo e forma, ascende a 10.998.777,43 euros no seu estado de gastos, condicionado polas consecuencias da COVID 19. Destacan as partidas dedicadas a servizos municipais de emerxencias, educación, policía local, benestar social, investimentos, patrimonio, cultura e deportes, entre outros.

Este é o duodécimo orzamento presentado por Nidia Arévalo desde que está como rexedora do Concello, e repite igualmente polo feito de non ter pedido préstamo bancario algún.

O Consorcio de Augas do Louro inicia as obras de reparación da estrada na Ponte do Louro

O Consorcio de Augas do Louro, inicia as obras de reparación da estrada no Camiño da Veiga, preto da Ponte do Louro.

As obras consistirán na reconstrución da pendente, beirarrúa

e calzada caídas a consecuencia das intensas choivas e o desbordamento do río Louro producidas durante o temporal Cecilia en novembro de 2019.

O importe dos traballos ascenderá a 39.083,93 €.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com , Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela. Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

LOURIÑA

O PORRIÑO

Os centros escolares do Porriño centralizan a recollida solidaria do #GivingTuesday

Os centros educativos do Porriño centralizan a recollida solidaria de alimentos e produtos de hixiene infantil coa ocasión de celebrarse este martes 1 de decembro o "Giving Tuesday" ou "Martes de dar", un movemento internacional que quere incentivar e multiplicar as boas accións das persoas.

Este ano 2020, por iniciativa dos nenos e nenas do Porriño e segundo acordouse no último pleno infantil celebrado, está a realizarse unha recollida específica de alimentos, leite e produtos de hixiene para bebés para a súa posterior distribución entre as familias do concello con menores recursos. Recomendase doar cremas, toallíñas, purés, leites e



alimentos infantís de todo tipo.

A alcaldesa Eva García e a concelleira de Educación, Lourdes Moure acudiron este mediodía ao CEIP "Fernández López" a entregar o seu donativo e a comprobar co director do colexio,

Benito Rodríguez como vai a campaña. A recollida aínda continuará mañá mércores.

O "Giving Tuesday" ou "Martes de dar" naceu como alternativa ao Black Friday e Cyber Monday, que promoven o consumismo.

A Alcaldesa congratúlase de que o Sergas solicite licenza para ampliar o centro de saúde

Alcaldesa do Porriño, Eva García congratúlase de que a presión do Partido Socialista obrigase á Consellería de Sanidade "por fin a mover ficha en relación co proxecto de ampliación do Centro de Saúde".

Tan só horas despois da comparecencia da alcaldesa xunto coa deputada Leticia Gallego para denunciar o reiterado incumprimento do compromiso ad-

quirido por esa Consellería, trasladado ao Parlamento de Galicia, esta mañá chegou por rexistro unha solicitude de licenza de obras presentada por ese departamento autonómico.

A solicitude sinala que a licenza é para a ampliación e reforma do Centro de Saúde e apunta como orzamento estimado da obra, 2.916.716 €.

Para xustificar a solicitude, a Consellería de Sanidad indica

que estaría prevista "para data próxima o anuncio para a contratación da obra", segundo a petición.

A alcaldesa do Porriño valorou que "volve a resultar lamentable a falla de compromiso do PP local con esta demanda da ampliación do Centro de Saúde namentres malgastan o seu tempo en facer labor de oposición a través dos xulgados", manifestou Eva García.

"Alianza de futuro" para Porriño coa Zona Franca

Alcaldesa do Porriño, Eva García, reuniuse en Vigo con David Regades, Delegado de Zona Franca, para falar do estado de tramitación de distintos proxectos en marcha de interese para Porriño, tales como a promoción de chan industrial, a apertura dunha gardería infantil no polígono de A Granxa e servizos de valor engadido para as empresas dos polígonos industriais.

García avaliou moi positivamente este encontro no que identificou á Zona Franca como "un gran aliado para afianzar o noso futuro" dos proxectos porriñenses. García e Regades tamén trataron temas relativos aos retos da Axenda 2030 da ONU para desenvolvemento sostible, en particular

da diminución dos gases de efecto invernadoiro.

Apoio institucional no Día da Discapacidade

Por outra banda, a casa consistorial do Concello do Porriño inaugurou unha lona realizada polas persoas usuarias da Asociación de Apoio a Persoas con Diversidade Intelectual (ACEESCA) coa ocasión de conmemorarse o 3 de decembro o Día das Persoas con Discapacidade. Así, iluminouse a fachada do Concello coa cor verde.

A Declaración Institucional do Concello co respecto a este día da conta do lema deste 2020, "Un día para todos", debido a que "a discapacidade forma parte da condición humana".

Resposta desigual da hostalaría ante a reapertura das terrazas e cun aforo do 50%

O sector da hostalaría local tivo unha resposta desigual ante a posibilidade de abrir dende o día 4 os seus establecementos segundo o establecido no plan de desescalada promulgado pola Xunta de Galicia.

O Porriño está no nivel máis restritivo de xeito que os establecementos tan só poden servir nas terrazas, cun aforo reducido ao 50%, cun máximo de 4 persoas por mesa, sexan ou non convi-

ventes. E deberán pechar ás 17 horas.

Continúa a tendencia á baixa no número de contaxios no Porriño como acreditou hoxe a actualización diaria de datos do SERGAS. Segundo informou o número de novos casos diagnosticados nos últimos catorce días son 47. E a incidencia acumulada no concello é maior de 150 e menor de 250, é outro indicador que reflicte a melloría.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

O Concello adxudicou o segundo lote de axudas pola covid a autónomos e micro empresas do Porriño

Un segundo lote de axudas económicas directas por un importe de 24.990 euros adxudicáronse polo Concello a autónomos, pequenas e medianas empresas e micro empresas do Porriño que solicitaron acollerse á convocatoria realizada pola administración municipal.

Nesta segunda quenda de achegas destínanse a 21 solicitantes entre os que existen bares, cafeterías, restaurantes, perruquerías e comercio téxtil, entre outros.

A maioría recibirán o máximo estipulado nas bases da convocatoria, é dicir 1.200 € por petionario, segundo resolveu esta mañá a comisión técnica municipal de avaliación formada por funcionarios do Concello e presidida por David Alonso, concelleiro de Emprego e Servizos Sociais.

Xa se realizáron as transferencias bancarias aos adxudicatarios da primeira quenda de axudas que cobrarán esta semana. Alonso

lembrou que foron 42 peticións atendidas por un importe aproximado de 50.000 €.

A meirande parte deses cartos solicítanse para gastos xerais sobre todo alugueres e amortización de préstamos bancarios. Os demais repártense entre costear gastos de mellora tecnolóxica e medidas anti-covid.

O Concello do Porriño por acordo plenario da corporación habilitou esta liña de axudas cunha partida de 100.000 euros.

A alcaldesa alégrase de que a Xunta alivie restricións no Porriño e se recupere a mobilidade con Vigo e Mos

Eva García manifestou a súa satisfacción polo alivio das restricións no Porriño que ven de decidir a Consellería de Sanidade, despois de escoitar ao comité clínico.

A alcaldesa felicítase de que a Xunta aceptase equiparar ao Porriño cos concellos de Mos, Vigo, Gondomar e Nigrán cos que recuperará plena mobilidade que foi unha petición expresa que Eva García realizou ao concelleiro de Sanidade, coa ocasión da reunión telemática semanal

que Julio García Comesaña realiza cos alcaldes da área de Vigo.

Ademais O Porriño pasa ao nivel medio-alto de restricións o que implica que o sector da hostalaría poderá abrir o interior dos seus establecementos cun aforo do 30%. Mantense o aforo do 50% nas terrazas, o límite de catro persoas por mesa (sexan ou non conviventes) e o peche de cafeterías, bares e restaurantes a partir das 17 horas.

Todas estas medidas entraron en vigor o 12 de decembro.

O Concello autoriza unha celebración parcial do mercado ambulante a partir do 8 de decembro

A melloría no Porriño segue a confirmarse como acreditan os 62 casos activos de infectados, segundo comunicou o 30 de novembro o SERGAS. Supoñen unha notable rebaixa dos que tiñamos hai unha e dúas semanas atrás, segundo valorou a Comisión Municipal de Seguimento da Covid que celebrou reunión telemática, presidida pola alcaldesa Eva García.

Á vista da contrastada melloría que reflicten os datos, o goberno municipal tomou a decisión de autorizar a celebración do mercado dos martes, a partir do vindeiro 8 de decembro aínda que con certas restricións. A decisión

trasládase hoxe aos representantes dos demais grupos políticos da Corporación na reunión de comisión de seguimento.

O concelleiro responsable Sergio Casal explicou que acordou hoxe cos representantes dos vendedores ambulantes que tan só autorizarán instalar en cada quenda a un 50% dos ambulantes, é dicir uns 70 postos. O postos con número impar asignado, montarán o día 8 e os postos con número par, o farán o día 15. Esa cadencia manterase á expensas da evolución dos datos da pandemia.

O mercado ambulante dos martes, non se celebra no Porriño



dende o 27 de outubro por decisión municipal cando se adoptaron a primeira batería de medidas de prevención contra a Covid.

A Alcaldesa solicítalle unha reunión de traballo ao Presidente da Xunta para abordar asuntos do Porriño

Alcaldesa, Eva García ven de solicitar ao presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, unha reunión de traballo para “abordar os asuntos pendentes de resolución no termo municipal que dirixo”, segundo expresa a rexedora porriñesa nunha carta. O Concello en-

viou a petición de audiencia á sede da presidencia da Xunta.

A alcaldesa argumenta o encontro co titular do goberno galego como “de especial interese”. “O Concello do Porriño é, hoxe, un dos poucos de Galicia que medra en poboación, xera postos de traballo estables e constitue unha

referencia industrial sólida para a proxección de Galicia”, segundo reivindicou a rexedora no seu escrito ao titular do goberno autonómico.

Eva García manifesta finalmente na súa carta que “estou segura que chegaremos a acordos que beneficiarán aos veciños e veciñas do Porriño”.

A porriñesa Avanza obtén prata e bronce na Copa de España de ciclocross

Dende O Porriño partiu para a Comunitat Valenciana unha pequena representación de riders da escola Avanza para participar na Copa de España de ciclocross, na que obtiveron medallas de prata e bronce.

Esta representación porriñesa foi na categoría Cadete con André Martínez (conseguiu medalla de prata) e Martín Setelo, Uxía

Soto (medallas de prata e bronce), Ároa Otero e Marta Estévez, na categoría Júnior Laura Mira e Hugo Martínez, Sub 23 David Fernández e Elite Luís Fernández Oliveira. O equipo Avanza comeza agora a súa preparación para a Copa Galicia.

Por mor da COVID, esta edición da Copa de España de ciclocross eliminou as etapas pautadas para Madrid e Valladolid.



LOURINHA

Mos lanza o Nadal solidario de recollida de alimentos

A alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e a concelleira de Política Social e Igualdade, Sara Cebreiro, recibiron na Casa Consistorial ós primeiros empresarios en sumarse á campaña Nadal Solidario de Mos Axuda para a recollida de alimentos e que beneficiará a un centenar de familias mosenses.

As empresas presentes na campaña son Noribériva, Reco-clajes Avi e Afamsa, así como o apoio da Asociación de Empresarios de Mos (AEMOS), Pesca-puerta, Autos Rivada, Tecdisma, entre outros.

Ao longo de 2020 repartíronse 40 toneladas de alimentos e tar-xetas para compra de produto fresco nos supermercados de Mos valoradas nun total de 21.000€. Esta campaña de recollida de alimentos estará vixente ata o 18 de decembro, toda vez a entrega dos alimentos recopilados



e de cheques para compra de alimento fresco nos supermercados de Mos, realizarase na sede de Mos Axuda, en Puxeiros, o día 22 de decembro.

Conxelación de impostos

Paralelamente, e tomando en conta os efectos da COVID 19, o Concello de Mos decidiu non modificar os impostos locais, de tal xeito que non se aumentasen ningún dos tributos como

IBI, IAE, Imposto de vehículos ou taxa de lixo e se ampliase un mes o pago destes tributos periódicos.

O Concello tamén porá en marcha unha campaña gratuíta de domiciliación, ofrecendo á veciñanza a posibilidade de poder fraccionar o pago en 2 prazos co Plan Especial de Pagos (PEP) que actualmente posúe a administración local mosense.

Mos aproba o Plan de acción para o Clima

Por unanimidade, o Pleno da Corporación Municipal de Mos aprobou o Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible (PACES), unha memoria anual do consumo enerxético cun plan de medidas para reducir nun 40% as emisións de CO2 e de tódolos gases de efecto invernadoiro.

Este paso completa a adhesión realizada en 2019 polo Concello de Mos ao Pacto de Alcaldes polo Clima. Toda vez, a aprobación da PACES pasará a ser rexistrada telemáticamente na web da Oficina do Pacto da Unión Europea.

Segundo explicou o concelleiro de Medio Ambiente, Leo Costas, o obxectivo da PACES é reducir nun 40% as emisións de CO2 e dos gases de efecto invernadoiro



entre 2020 e 2030, a fin de cumprir co Pacto de Alcaldes polo clima e a enerxía. Neste sentido, o Concello de Mos será obxecto dunha auditoría cada dous anos para comprobar que se cumpren cos parámetros establecidos.

Oposición acusa á alcaldesa de Mos de "acoso e inxurias" contra veciños

Durante unha rolda de prensa celebrada no multiusos de Petelos-Mos, os grupos municipais do PSdG, BNG e Gañamós Asemblea Veciñal presentaron un comunicado no que denunciaron á alcaldesa Nidia Arévalo de "acoso e inxurias" contra varios veciños debido ás presuntas "facturas falsas" da auga.

Denunciaron que a alcaldesa acusou a varias persoas, con nomes e apelidos, de presuntamente "cometer delitos" no asunto das "facturas falsas" da auga. A mediados de novembro, o Xulgado de Primeira Instancia do Porriño decidiu arquivar estas denuncias por non supoñer infracción, nin falsidade documental nin suplantación da identidade.

Neste sentido, os partidos opositores anunciaron que pedirán un pleno municipal para esixir a dimisión da alcaldesa Arévalo, para que dea disculpas



públicas aos veciños afectados por non respectar a presunción de inocencia e para que retire esa denuncia polas "facturas falsas" da auga.

Argumentaron que a orixe deste problema, que afecta á Comunidade de Montes de Tameiga polo asunto das traídas das augas, se focaliza no "pelotazo urbanístico" que a alcaldesa está levando adiante co presidente do R.C.D Celta de Vigo, Carlos Mouriño, no relativo á Cidade Deportiva en Mos.

No relativo ás declaracións de Arévalo sobre a "débeda cero" nos orzamentos municipais, a representante socialista María Victoria Alonso Méndez considerou que estas expectativas "non son reais" porque os gastos municipais "están por riba dos ingresos" e que existen "moitas débedas que pagar" con provedores e bancos. Pola súa banda, o representante do BNG, Gustavo Barcia, calculou que a débeda municipal 2019 está en "millón e medio de euros".

Mos habilita un teléfono para concertar visitas guiadas á Cidade Deportiva 'Afouteza' do RC Celta



O Concello de Mos informa da posibilidade de concertar a través da administración local mosense visitas guiadas á nova Cidade Deportiva 'Afouteza' do RC Celta en Pereiras.

Para elo o Concello habilita unha liña telefónica a tal fin, en horario de 09.00 horas a 14.00 horas, de luns a venres, para que os/as mosenses interesados/as poidan reservar a súa visita guiada ás recentemente estreadas instalacións deportivas celestes. O número de teléfono ao que a veciñanza poderá chamar a partir do vindeiro luns, 14

de decembro, para este fin é o 986 33 74 53.

Ademais desde o Concello de Mos remitirase invitación oficial para realizar este tipo de visitas guiadas ás Asociacións Veciñais e Culturais do municipio, Comunidades de Montes e de Augas, clubs deportivos e colexios.

Desde a Comunidade de Montes de Pereiras, en cuxos terreos se construíu a nova infraestrutura deportiva céltica, xa están a xestionar directamente co Clube as visitas guiadas para a veciñanza da parroquia de Pereiras, que xa se atopan en marcha.

SALCEDA DE CASELAS

Máis de 92.000 € para as asociacións a pesares do parón da actividade

A Alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira, ven de asinar os convenios por máis de 92.000 euros que benefician a 25 entidades do municipio: culturais, deportivas, sociais e centros escolares. No acto de sinatura, que se celebrou no Auditorio Municipal seguindo os protocolos COVID, a alcaldesa estivo acompañada dos concelleiros de cultura e deportes, Alex Rodríguez e Rubén González.

O Concello destina un total de 92.051,40 € para estes colectivos, asinando convenios cos centros culturais (900 €), os coros (700 €), as asociacións de veciños (400 €), os entroidos de Barreiro e Feira (1.600 €), a Asociación de Amigos e Amigas da Música

de Salceda (22.000 €), o CEP Altamira (1.200 €), o IES Pedras Rubias (2.400 €) e a Asociación de Xubilados e Pensionistas (3.000 €). No eido deportivo, 22.551,40 € son para as Escolas Deportivas, 18.000 € para o Caselas C. F., 4.550 € para os Clubes de Balonmán e Baloncesto e 400 € para o Club Ciclista Aragonta.

As subvencións de maior importe son as que reciben a Asociación de Amigos e Amigas da Música, que engloba a Escola de Música de Salceda así como a Banda de Música, movendo en total máis de 400 persoas de todas as idades, e as Escolas Deportivas, con cerca de 500 participantes. Considérase tamén fundamental o apoio ás actividades

dos centros escolares públicos, que a pesares de non estar dentro das competencias dos Concellos reciben tamén unha aportación municipal.

O Concello colabora ademais durante todo o ano coas diferentes asociacións co préstamo de material, donación de libros para as súas bibliotecas, asesoramento e información nos trámites con outras administracións...

Os convenios supoñen un importante esforzo financeiro que o Concello asume consciente de que na maioría dos casos supón a supervivencia de moitas entidades que doutro xeito non terían capacidade de saír adiante. A pesar de ser un ano no que moitas destas entidades tiveron



que paralizar as actividades, o equipo de goberno quere deste xeito dar resposta a uns compromisos económicos que axudarán a sufragar uns gastos que en moitos casos xa estaban realiza-

dos antes do inicio da pandemia, e que polo parón de actividades deixa a estas entidades nunha difícil situación que deste xeito se ve en parte atenuada grazas ao apoio municipal.

Salceda e As Neves renovan o servizo de atención temperá conxunto

Os Concellos de Salceda de Caselas e As Neves veñen de asinar a renovación do convenio de xestión conxunta do gabinete de atención temperá para atención á poboación infantil de 0 a 6 anos, co obxectivo de seguir a dar resposta ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. A Alcaldesa de Salceda Loli Castiñeira e a Concelleira de Benestar Social, Gela Ledo, xunto co Alcalde de As Neves Xose Manuel Méndez e a Concelleira Pilar González visitaron as instalacións deste último Concello.

O gabinete conta cun equipo especializado formado por catro integrantes dos campos da psicoloxía, logopedia e fisioterapia, e atende tres días da semana en Salceda e dous nas Neves. O servizo está financiado nun 90% pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través do Fondo Social Europeo, que concedeu unha partida de 105.383,70 € para este último ano. Neste último ano atendeuse



a un total de 81 nenos e nenas entre os dous Concellos, derivados dende os servizos de pediatría. Aínda así, lembran que calquera familia pode achegarse a pedir información.

O gabinete traballa en contacto constante cos equipos de orientación dos diferentes centros escolares, así como coas pediatras dos centros de saúde, garantindo así a cobertura á maior cantidade de nenos e nenas posible, e analizando as diferentes necesidades de cada quen dende os diferentes sectores.

No caso do Concello de Salceda de Caselas, o Gabinete de atención temperá uníuse ao servizo de pedagogía e logopedia

co que xa contaba o Concello dende fai unha década, e que o converte nun dos poucos Concellos de Galicia que ofrezca estes dous servizos.

Loli Castiñeira e Xose Manuel Méndez asinaron este novo convenio de colaboración conscientes do privilexio que supón contar con un programa coma este, que ofrece un servizo de proximidade, de calidade e gratuíto, que doutro xeito sería inaccesible para moitas das familias que fan uso do mesmo. Alcalde e alcaldesa coincidiron ademais en que servizos deste tipo son importantes para consolidar o asentamento da poboación no rural.

Reorganización do tráfico na zona do Penedo Redondo para acabar coas carreiras ilegais



O Concello de Salceda ven de iniciar as obras de reorganización do tráfico no entorno do campo de fútbol do Penedo Redondo, co fin de rematar co problema de seguridade viaria que se daba na zona, con habituais "quedadas" para realizar carreiras ilegais de coches.

O proxecto consiste na creación de diversos pasos elevados que realizarán a función de conseguir o denominado "tráfico calmado", e impedindo deste xeito as perigosas prácticas que se viñan detectando na zona. Ademais vaise proceder ao pintado de prazas de aparcamento, que facilitarán a organización do tráfico para as familias do máis dun centenar de

nenos e nenas que empregan o campo de fútbol a diario.

Nas últimas semanas, Concello e Garda Civil de tráfico traballaron de xeito conxunto para acadar a mellor solución que puxese fin a un problema que empezaba a ser xa demasiado reincidente e que supuña un perigo non só para as persoas que alí se concentraban senón tamén para a veciñanza da zona. De feito a mesma veciñanza tiña xa trasladada a súa inquedanza sobre este tema ao equipo de goberno en diversas ocasións.

Aínda que a COVID e o toque de queda eliminaron as quedadas, o Concello evita deste xeito que poidan volver producirse unha vez rematadas as restricións.

BAIXO MIÑO

Música e teatro nas rúas tudenses polo Nadal

As rúas e prazas do centro urbano será o escenario da actividade de animación programada polo Concello dentro da programación "Tui, o Camiño do Nadal" que se vai desenvolver dende este sábado 19 de decembro e até finais de ano. O programa festivo pecharase coa recepción dos Reis Magos o 5 de xaneiro, nun acto cheo de maxia e ilusión do que proximamente se darán a coñecer todos os detalles.

Catorce agrupacións serán as encargadas dos pasarrúas musicais ou teatrais previstos e planxeadas con todas as medidas de seguridade de prevención da COVID19 e con espectáculos sempre en movemento.

A Banda de Música Popular de Tui ofrecerá varios concertos

nestas semanas reducindo o número de músicos de cada actuación a unha véntena e adaptando o repertorio a estas condicións especiais tanto nos ensaios coma nas actuacións.

As charangas tudenses Cantos Somos e A Tu Ritmo encherán de festa rúas e prazas nestas datas festivas. Nesta programación de Nadal estarán tamén presentes as agrupacións folclóricas das distintas parroquias tudenses que farán soar a nosa música tradicional nos pasarrúas previstos a cargo dos grupos Aloia de Pazos de Reis, O Mosteiro de Pexegueiro, San Fins de Rebordáns, Seixos Albos de Areas, Arume de Malvas, Xuntanza de Randufe, ou A Insua de Caldelas.

Barafunda presentará os es-

pectáculo de animación con globos "Trasnos" e "Alicornos". A compañía de novo circo Asacocirco presentará "De Branco" e "Con Frak", e Troula achegará "Krasnobarak" e "Carteiro Branco Real".

Amais o día 24 estará en Tui dentro do "Nadal en Galego" da Deputación o Apalpador. Dende ás 17 h fará un pasarrúas musical xunto a un compañeiro acordeonista, Servando Barreiro, e do seu burro Río Lor para que os nenos e nenas poidan gozar das súas lendas, da súa sabiduría.

A programación pecharase o 5 de xaneiro coa presenza en Tui de Melchor, Gaspar e Baltasar cunha recepción real da que proximamente se darán a coñecer todos os detalles.

Música e charlas na programación cultural da Guarda



A Casa dos Alonso acolleu este 5 de decembro os dous primeiros eventos culturais da Axenda de Nadal 2020 do Concello da Guarda, a través da Concellería de Cultura, e que foran suspendidos en agosto pasado pola COVID 19.

Neste sentido, retomouse o proxecto "Música nos Xardíns" para por en valor a escena musical e de festivais a nivel local, en consenso coas asociacións cul-

turais da vila. Así, o grupo local Helen & Shanna realizou a súa actuación, cunha forte influencia folk e aspectos doutras culturas, con instrumentos tan variados coma o sitar, a trompeta, o violín ou o ukelele.

A programación cultural completouse coa charla a cargo de Fernando Rego sobre "Unha historia da música en Galicia. 1952 - 2018" no Salón de Plenos do Concello.

Jara García Coello do CEP de Caldelas é a gañadora do concurso escolar da postal de Nadal do Concello de Tui

Jara García Coello, alumna de 2º curso de Primaria do CEP de Caldelas, é a gañadora do primeiro premio do concurso escolar para a elección da postal de Nadal do Concello de Tui para este ano 2020 convocado pola Concellería de Ensino e Cultura. O seu deseño será empregado polo Concello para felicitar as festas deste ano.

O 2º premio foi á postal presentada por Sharay Iglesias Rodríguez de 5º curso do CEIP de Randufe, e o 3º premio á postal presentada por Sergio Vázquez Álvarez de 6º curso do CEIP de Guillarei.



O Rosal acolle a mostra do Xabarán Club

A popular serie "O Xabarán Club" da TVG chegou ao Concello do Rosal o 4 de decembro, coa mostra "Asina! Por unha canle Xabarán Club 24 horas na TVG", e que está aco-llida no Salón de Exposicións do Concello a mostra

Esta exposición é unha das accións da Mesa pola Normalización Lingüística para por en

marcha unha proposición parlamentaria por iniciativa popular que permita conseguir unha canle 'Xabarán', con programación dirixida en galego ao público infantil e xuvenil e dispoñible en plataformas de contidos audiovisuais como Movistar, Netflix, HBO, entre outras.

A exposición estará aberta ao público ata o mes de xaneiro.



A Guarda máis preto da apertura da rúa Baixo Muro

No pleno celebrado o pasado venres 27 de novembro a corporación municipal deu luz verde a aprobación provisional da modificación puntual nº 5 do plan xeral de ordenación urbana, un trámite necesario para a futura apertura da conexión entre a rúa Baixo Muro e rúa Ireira.

Despois de superar a aprobación inicial e a aprobación provisional, a modificación puntual pasa a mans da Xunta de Galicia que será a encargada de darlle a aprobación definitiva para ser incluída no rexistro de planeamento.

Na actualidade o concello está redactando tamén o proxecto histórico arqueolóxico esixido por patrimonio da Xunta como documento previo ao proxecto de urbanización.

A partir do momento en que a modificación puntual teña a



aprobación definitiva o concello redactará o proxecto de urbanización para definir e valorar as obras que hai que acometer para proceder definitivamente a apertura do Baixo Muro.

Esta conexión permitirá dar accesibilidade á rúa Baixo Muro á que na actualidade só se pode acceder salvando escaleiras. Por outra banda permitirá un acceso

fácil e directo á muralla medieval da Guarda, un dos elementos patrimoniais máis importantes da vila. Ademais disto esta conexión permitirá un acceso directo dende unha ampla zona do casco vello (rúa Hernán Cortés, rúa Oliva, ...) á zona comercial, mellorando de forma considerable a comunicación dentro do casco urbano.

Orpagu recibe o Premio Alimentos de España 2020



A subdelegada do Goberno en Pontevedra, Maica Larriba, visitou as instalacións da Organización de Palangreiros Guardeses (ORPAGU) para coñecer de cerca o seu traballo e felicitar aos seus responsables polo Premio Alimentos de España 2020 á Producción da Pesca e da Acuicultura, recentemente designado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Durante o encontro, Larriba,

acompañada polo presidente de ORPAGU, Joaquín Cadilla, a súa xerente, Juana Ortega, entre outros, puido coñecer de primeira man a situación da flota adicada ao pez espada no porto de A Guarda. Destacou con orgullo que esta entidade permite á provincia de Pontevedra contar "coa primeira flota europea de palangre de superficie, punteira na pesca do peixe espada no Atlántico, e á cabeza da integración das mulleres".

Asociacións da Guarda reciben formación sobre liderado

O sábado día 28 de novembro o Salón de Actos do Centro Cultural da Guarda acolleu unha xornada de formación adicada especialmente aos colectivos e asociacións existentes no municipio.

Esta xornada de formación, que se estendeu dende as 10:00h ata ás 14:30h, estivo guiada por

Susana Rodríguez, psicóloga social, que desenvolveu ferramentas para traballar e desenvolver un liderado participativo, positivo, dinámico e comunitario. Estratexias esenciais para acadar os obxectivos que perseguen día a día estas asociacións.

Esta sesión formativa tamén serviu para dar a coñecer ás aso-

ciacións da Guarda o recentemente aprobado Regulamento do Rexistro Municipal de Asociacións municipal e que ten coma finalidade establecer o marco xurídico regulador do Rexistro Municipal de Asociacións, como instrumento que permita recoller documentalmente a realidade do tecido asociativo e de participación co-



lectiva, dentro do marco territorial do Concello da Guarda. Adiantouse tamén a posta en marcha da campaña para a posta en marcha do

Banco de voluntariado municipal, que pretende ser tamén un recurso que teñan en conta as asociacións e colectivos municipais.



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

Talleres
Guiller Motor



Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Tel./Fax 986 66 15 41



BAIXO MIÑO

Tomiño conta xa con WIFI de balde na praza do Seixo

Os veciños e veciñas de Tomiño que visiten a praza do Seixo ou o campo da Feira xa poden conectarse de balde á rede WIFI de alta velocidade "WIFI4EU", que vén de ser activada.

A instalación deste servizo foi posible grazas a que Tomiño foi un dos 510 municipios do Estado (só unha ducia deles galegos) que se beneficiou da axuda concedida pola Unión Europea para financiar a instalación de wifi gratis de alta velocidade en espazos públicos (parques, edificios municipais, etc.). Na convocatoria da axuda participaron case 10.000



concellos, sendo Tomiño o único concello da comarca en contar con esta axuda.

A instalación da rede foi feita pola empresa Fibralar, e proxi-

mamente estará dispoñible tamén noutros espazos públicos do núcleo de Goián como o auditorio, a praza Pintor Antonio Fernández ou o mercado.

A tomiñesa Anahí Álvarez Guerner, subcampioa galega de patinaxe artístico

Os deportistas tomiñeses continúan loitando por vitorias. Desta vez foi a patinadora Anahí Álvarez Guerner, que a semana pasada proclamouse subcampioa galega de patinaxe artístico no campionato autonómico disputado en Ribeira na categoría de 'Free Skating Ladies Junior'.

A deportista tomiñesa ten xa os ollos postos na súa vindeira cita deportiva en Tarragona, a onde viaxará o vindeiro día 13 para participar no Campionato de España.



Goián homenaxeas as súas "Madriñas"

A través dunha iniciativa do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do CEIP Pintor Antonio Fernández de Goián (Tomiño), púxose en marcha un proxecto de 'amadriñamento' das estancias do centro, bautizadas con nomes de mulleres destacadas pola súa traxectoria vital e profesional, moitas delas vencelladas á vila de Goián e á comarca do Baixo Miño.

A iniciativa comezou a realizarse no curso 2018-2019 e vén de culminar recentemente coa edición e reparto dun catálogo entre o alumnado.

A galardoada é a pedagoga Antía Cal, fundadora do Centro



Rosalía de Castro; a redeira e argaceira guardesa Mercedes Lomba, con mais de 60 anos de vida mariñeira; a escritora e activista agrarista Isaura Gomes; as mestras goiãneas Eva Ozores e Idalia Sobreira; a médica e cirurxía África González, recentemente

galardoada co Premio Executivas 2020; a profesora e escritora Clementina 'Tinita' Ozores; a música e cantante Uxía 'Lambona'; a estudante e deportista Desirée Vila; e a escritora e profesora Iria Misa, galardoada co premio Jules Verne

O PUGA e o IEM celebraron o "Novembro con Taibo"

O Grupo Promoción do Uso do Galego (PUGA), entidade responsable da xestión dentro do Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) da convocatoria do Premio Victoriano Taibo, anunciou que a actividade "Novembro con Taibo" puido finalmente realizarse vía online, a través das redes sociais do IEM, grazas á participación de catorce poetas premiados ao longo destes anos.

O "Novembro con Taibo" reuniu uns 40 vídeos coa selecta

poesía destes poetas premiados. Con anterioridade, no mes de marzo de 2020, o PUGA xa anunciara a suspensión da convocatoria deste premio, debido á activación do estado de alarma pola COVID 19.

Paralelamente, o PUGA lamentou o recente pasamento do poeta Xosé Manuel Millán Otero, finalista na décima convocatoria do Premio Victoriano Taibo. Neste sentido, realizouse unha lectura de homenaxe a este poeta durante no remate deste "Novembro con Taibo".

o remendón
CERRAJERO

 **SERVICIO 24 HORAS**

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

 **O noso Eido**
taberna

Especialidades en: Angulas e Lampreia, Pexes do Río, Cocido a Portuguesa, Bacalao e Kikos a la brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968
Telf. 906 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

 **milfollas**

LIBRERÍA • PRENSA • PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 352

milfollas@mundo-r.com

Oia aproba o seu Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostíbel

O Concello de Oia xa conta co seu propio Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sustentable (PACES), un documento onde se inclúen medidas para frear o cambio climático e reducir a pegada de carbono, converténdose deste xeito nun municipio respectuoso e concienciado co medio ambiente.

O PACES aprobouse no pleno ordinario, contando co respaldo do grupo municipal do PP, a abstención do BNG e o voto en contra do PSdeG-PSOE. Con esta aprobación cúmprese un dos compromisos asumidos polo Concello cando ingresou, o pasado ano, no Pacto de Alcaldías para o Clima e a Enerxía.

O Plan aborda unha serie de actuacións destinadas a reducir a pegada de carbono do concello en diversos ámbitos: inmobles e instalacións municipais, edificación residencial, transporte e mobilidade, produción de enerxía e xestión de residuos, entre outros.

A Administración local contou cun total de 3.993 euros para a elaboración do antedito documento. Esta cantidade procede das axudas a entidades locais asinantes do Pacto das Alcaldías



para o Clima e a Enerxía Sostible, co apoio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e dos Fondo Feder da UE, baixo o lema "Unha maneira de facer Europa".

Compromisos

Coa adhesión ao Pacto, o Concello asume unha serie de compromisos entre os que destacan a redución das emisións de dióxido de carbono nun 40% (redución da taxa de emisións per cápita) antes de 2030, a mellora da eficiencia enerxética e o aumento do uso de enerxías renovables.

Tamén se promoverán modos de mobilidade alternativos e se

desenvolverán medidas encamiñadas a aumentar a capacidade de adaptación e a resiliencia do municipio fronte ao cambio climático e os seus riscos. Así, apostarase por un uso máis racional da auga, por unha planificación adecuada do uso do solo e dos recursos naturais, por un aumento da autosuficiencia a todos os niveis e pola protección da biodiversidade.

Ademais, o proceso incorporará a visión da cidadanía, corresponsabilizándoa como parte imprescindible para o desenvolvemento das medidas e a consecución dos obxectivos do PACES.

PSOE A Guarda insta á Xunta a revertir a titularidade dos portos



O Grupo Municipal Socialista no Concello de A Guarda presentou unha moción para a súa aprobación polo Pleno Municipal na que insta á Xunta de Galicia a abrir un procedemento normativo que permita a negociación bilateral voluntaria dos Concellos coa entidade Portos de Galicia, que permita revertir a titularidade de terreos portuarios cara os Concellos, cando o seu uso para fins relacionados co porto sexa residual ou inexistente e teñan posibilidades de utiliza-

ción municipal.

Esta moción foi presentada ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986). O grupo socialista argumenta que a situación actual repercute nun clima de "inxustiza entre titularidade, utilidade, uso e beneficio" dos espazos portuarios, toda vez repercute na vida cotiá e as posibilidades de mellora dos espazos públicos.

A Guarda pon en marcha un banco Municipal de Voluntariado

Esta acción nace coa intención de crear unha bolsa de persoas voluntarias dependente do Concello da Guarda, que sexa unha ferramenta estable que acolla a toda persoa que por decisión propia e libre teña diversas inxerencias para colaborar coa comunidade de forma desinteresada.

Durante a situación vivida durante o confinamento da poboación provocado pola crise sanitaria da COVID 19, o Concello da Guarda tratou de dar resposta a diversas circunstancias que se puxeron de manifesto, como a vulnerabilidade de moitos sectores da poboación con apoios sociais máis reducidos ou limitados, desenvolvendo un programa de apoio telefónico a persoas maiores que viven soas. Esta pequena acción visibilizou a necesidade de procurar unha rede de apoio constante e co-



munitaria que se podería realizar dende o voluntariado.

A persoa voluntaria debe ter en conta que poderá participar en moitas e diversas actuacións como: acompañamento a persoas (maiores e/ou menores) accións medioambientais, eventos puntuais e tamén voluntariado en entidades ou asociacións municipais.

As persoas interesadas poden solicitar información na OMIX do Concello da Guarda a través das redes sociais ou do mail informacion@aguarda.es

Pasamento do profesor oiense "Don Remigio" Nieto González

O Concello de Oia recoñeceu o labor profesional, a calidez humana e o compromiso coa comunidade do profesor Remigio Nieto González, falecido o 2 de decembro de 2020.

"Don Remigio", como era familiarmente coñecido, exerceu como profesor de lingua francesa e plástica en Oia dende a súa chegada á parroquia de Mougás en 1971.

En 1974, coa finalización das obras de construción do colexio de Oia, foille encomendada a posta en marcha deste novo centro educativo, do que foi director entre

1975 e 1979. Nese ano abandonou o municipio para ocupar unha praza de profesor en Poio, onde residiu o resto da súa vida sen perder o contacto con Oia.

Foi tamén activo en moitos outros eidos culturais e sociais, de patrimonio histórico e paisaxístico e participou intensamente na vida da comunidade. A este último respecto, destaca a súa implicación na creación da Asociación Veciñal de Mougás en 1978, redactando os estatutos da que foi a primeira no rural galego fundada despois da ditadura franquista.



OPINIÓ

Xosé González Martínez. *Presidente do Foro E. Peinador.

Publicidade

Esta circulando polas vilas ourensáns unha exposición conmemorativa do centenario da revista Nós. Unha iniciativa necesaria para dar a coñecer a importancia que tivo unha xeración de intelectuais implicados no afortalamiento da nosa identidade nacional. Mágoa que os responsables de tal iniciativa incorrisen no erro por omisión de non recoñecerlle ao empresario galeguista Enrique Peinador Lines o mérito de ter recuperada a publicación interrompida durante un ano e medio por falta de recursos financeiros. Negarlle ao empresario e militante do Partido Galeguista o papel que tivo na continuidade da publicación non só é inxusto, senón que deixamos de transmitirlles aos actuais un modelo de compromiso co seu país que el tan ben soubo exercer.

Enrique Peinador Lines foi o precursor da filosofía da responsabilidade social empresarial, segundo a cal as empresas deben implicarse na comunidade na que están asentadas, establecendo unha relación coa sociedade e os seus valores patrimoniais

que a singularizan. Eses valores non son outros que a lingua e cultura.

Sen embargo, esa filosofía, malia as recomendacións da Unión Europea, aínda non foi asumida pola meirande parte do tecido empresarial. Para mostra un botón. Estes días Aguas de Mondariz, unha marca comercial que acuñou un modelo de galeguismo, lanzou unha campaña publicitaria que consiste nun novo deseño das botellas con etiquetas coleccionables que incorporan iconas da serie televisiva xaponesa Doraemon. Os ideólogos desa campaña publicitaria consideraron máis oportuno explotar un recurso cultural alleo a nosa cultura no canto de reivindicar as potencialidades da nosa.

Están moi lonxe da estratexia publicitaria dos Laboratorios Zeltia que nos anos cincuenta comezaron a editar o "Almanaque ZZ", unha publicación en lingua galega destinada a informar aos consumidores dos seus produtos químicos para afrontaren ás enfermidades do gando e cultivos. Co paso do tempo esta empresa foi mercada por Syrgenta, unha multinacional suíza

de biotecnoloxía, hoxe absorbida por China National Chemical Corp. Malia eses cambios no accionariado seguíuse editando a publicación no noso idioma. Estes exemplos evidencian que ás veces hai estranxeiros que son máis respectuosos coa nosa lingua que os propios galegos.

É de xustiza recoñecer tamén o compromiso que noutrora tivo coa lingua galega a cadea de Electrodomésticos San Luís con tendas en todas as cidades importantes de Galicia. Durante moitos anos encheu con publicidade de esmerados deseños os buzóns de correos das comunidades de propietarios chegando a milleiros de consumidores. Coetánea foron tamén as campañas publicitarias no noso idioma da cadea de supermercados VEGO, que utilizaron os mesmos procedementos conseguindo que os consumidores se familiarizasen e asumisen as xenuinas denominacións das súas ofertas (lixivia, lavalouzas, patacas, ollomol, etc.).

E actualmente, o Grupo Cuevas, de capital ourensán, propietaria dos Supermercados Plenus, é outro modelo de galeguidade empresarial. Todas as súas tendas están rotuladas en galego. Como, sorprendentemente, unha multinacional pro-

pietaria dos Supermercados Día que está a facer nos seus establecementos.

Cando Abanca fai publicidade masiva en lingua galega en todos os medios de comunicación é porque son sabedores de que esas mensaxes son do agrado dos seus clientes e que non interfieren negativamente nos seus negocios.

Queda moito camiño por percorrer para que os axentes económicos se reconcilien coa identidade cultural do noso país seguindo as orientacións da Unión Europea. Os poder que teñen os consumidores é decisivo para a galeguización da economía. O Parlamento de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e Foro E. Peinador, veñen de convocar o XXVII Premios de publicidade en galego coa finalidade de estimular esa galeguización. O prazo de presentación de candidaturas remata o día 30 de decembro. Os interesados poden atopar información nas respectivas páxinas web do Parlamento, Secretaría X. de Política Lingüística e Foro E. Peinador. O acto de entrega dos premios terá lugar no Parlamento de Galicia.



Melloras viarias nas parroquias de Burgueira, Pedornes e Santa María de Oia

O Concello de Oia acometeu obras de mellora en vías e paso de auga de Xigüente, no barrio da Portela (Burgueira), e nos camiños de Cardorrio (Pedornes), A Fonte (A Riña-Santa María de Oia) e Chavella (Santa María de Oia).

Estas obras de paso da auga en Xigüente contaron cun orzamento total de 25.750,95 euros, dos que 24.652,58 euros proveñen dun préstamo sen xuros da Deputación Provincial de Pontevedra correspondente coa anualidade de 2018. Os restantes 1.098,37 euros foron achega do Concello de Oia.



Pola súa banda, as melloras dos camiños de Cardorrio (Pedornes) e A Fonte (no barrio da Riña, en Santa María de Oia) contaron cun orzamento de 31.944,69 euros; e se acometeu a humanización do

Camiño de Chavella (Santa María de Oia) por importe de 28.113,36 euros. Ambas actuacións foron financiadas a través do Plan Concellos da Deputación, liña 1 (investimentos).

Recollida solidaria de alimentos na Praza de Abastos de Tui

A Praza de Abastos de Tui, en colaboración coa Concelleira de Comercio e Mercado, realiza unha campaña solidaria de recollida de alimentos destinados

a SOS Tomiño Baixo Miño. Na propia praza habilitouse un espazo para depositar estes produtos.

A recollida de alimentos non perecedeiros realizarase entre o

10 de decembro e o 10 de xaneiro.

A iniciativa parte de Flores Rita e conta coa colaboración dos praceiros e praceiras do mercado Municipal de Tui.

Campaña do BNG da Guarda en pro do comercio local e produto galego



Baixo o lema "Mellor local, Mellor Galego", o voceiro municipal do BNG da Guarda, Anxo Baz, anunciou o impulso dunha campaña de sensibilización e apoio ao comercio local e o produto galego, que permita a reactivación económica e social da vila.

Pola súa banda, Bea Lomba, concelleira e Responsábel local do BNG, anunciou que esta cam-

paña do BNG repartirá carteis e editará un vídeo de promoción nas redes sociais "feito por Guardeses e Guardesas que producen aquí ou consumen habitualmente no mercado local".

O BNG tamén pedirá unha moción no próximo pleno municipal para propoñer un paquete de medidas de apoio á hostalaría afectada polas restricións da pandemia.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixatlantico.com

O Concello de Tui completa o proceso de promoción interna de catro traballadores

Culminou no Concello de Tui un proceso de promoción interna, iniciado a comezos de ano, para cubrir con funcionarios de carreira as prazas de persoal administrativo que figuraban na oferta de emprego público do ano 2017. Tamén se completou o proceso para o nomeamento coma inspector da Policía Local da oferta de emprego

público de 2019.

O alcalde, Enrique Cabaleiro, destacou que “é a primeira na historia recente deste concello que se culmina un proceso de promoción interna na categoría de administrativos” engadiu que “era unha débeda que tiñamos co conxunto dos traballadores”. Enrique Cabaleiro amosou a súa satisfacción por completar este pro-

ceso que se une ao proceso de negociación da relación de postos de traballo, RPT, que agarda culmine tamén nos próximos días.

Deste xeito Manuel Arca é dende hoxe oficialmente o inspector xefe da Policía Local, e os funcionarios María Jesús Blanco Martínez, Alejo Ordóñez Méndez e Eulogia Paramos Estévez ocupan as prazas de administrativo.



O pasado mes de setembro completouse tamén outro proceso de promoción interna de encar-

gado oficial de obras da oferta de emprego público nomeando a Evaristo Rodríguez Castiñeira.

“Tui, Capital do Camiño Portugués” nova guía da ruta xacobeá

Tui, Capital do Camiño Portugués” é o título da nova guía da ruta xacobeá ao seu polo municipio tudense que vén de editar o Concello de Tui. Trátase dunha guía visual realizada polo artista local Andrés Lamas que recolle o percorrido do Camiño dende a vella Ponte Internacional até a Ponte de Or-

benlle.

Da guía impresa en cartón, pregable e facilmente gardable no peto se publicarán 2 mil exemplares que estarán dispoñibles tanto na Oficina de Turismo coma nos albergues e hoteis cando reabran as súas portas. Recolle amais un oco para ser selado ben na propia oficina ou no estable-

cemento hostaleiro onde se aloxe a persoa que realiza o Camiño.

Andrés Lamas, que conta cunha longa traxectoria profesional de deseño, explicou o meticuloso traballo realizado cun rotiring 0.05 co que debuxo con puntos toda o mapa visual da ruta xacobeá tudense, destacando aqueles lugares onde os peregrinos e pere-



grinas poden ter dúbidas sobre por onde continuar. Pero amais na outra cara da guía recolle algúns dos elementos patrimoniais

do camiño coma a Catedral, a igrexa de San Domingos, o cruceiro de San Bartolomeu ou a ponte romana da Veiga.

Mártires de Sobredo; conmemoración do seu 98 aniversario

No sábado 28 de novembro, nos 98 anos dos sucesos de Sobredo (Guillarei - Tui), realizouse o acto na memoria de Cándida Rodríguez, veciña de Pazos de Reis parroquia de Tui; e dos veciños de Salceda de Caselas, Joaquín Besada, de Soutelo e Venancio González Romero, de Budiño, Mártires de Sobredo; mortos en 1922, cando a Guardia Civil disolveu a tiros centos de persoas que se concentraron no lugar para protestaren polo embargo das súas propiedades a un veciño que se negaba a pagar os foros.

Eran momentos convulsos e dunha grande conciencia política que se exercía desde as múltiples asociacións agrarias; así, Sobredo é desde hai case cen anos símbolo da unidade por defender o dereito

a non pagar por traballar a terra, símbolo da importancia da solidariedade e do pobo para mudar o mundo.

Este ano a Covid-19 non permitiu celebrar o acto multitudinario de conmemoración que anualmente se convoca; por tal motivo reduciuse a unha ofrenda floral no monumento, realizada ao son antiga Marcha do Reino de Galicia. Participaron, enviando ramos e coroas, os Concellos de Tui e Salceda de Caselas; en representación das entidades veciñais e educativas: o Instituto de Estudos Agrarios Mártires de Sobredo, a Asociación de Veciños, Agrícola e Cultural de Parderrubias e o IES San Paio de Tui; e, de organizacións políticas, Movemento Salceda, BNG e Galiza Nova.

Participaron na ofrenda o



Alcalde e representación da corporación Municipal de Tui; o goberno municipal de Salceda; descendentes

(bisnetas) de Cándida Rodríguez e unha comisión da Dirección do Instituto de Estudos Agrarios Mártires de Sobredo (IEAMSo), entidade organizadora desta conmemoración.

Concello e empresarios promoven a campaña "En Nadal Tui QuereTui"

A campaña “En Nadal Tui QuereTui” foi presentada na Casa do Concello de Tui polo alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, a concelleira de Comercio, Ana Mª Núñez, o presidente de ACITUI, Juan Carlos Blanco, o representante de EMPRETUI, Abel Vila, o presidente da Asociación de empresarios/as de Areas, Giorgio Casoni, e Jesús Vaz e Manuel González da empresa Coplegal S.L, promotores desta iniciativa.

O obxectivo da campaña é contribuír a paliar os efectos do peche da hostalería, as perdas no sector turístico e a baixada de vendas no comercio. Así, as empresas agasallarán aos seus traballadores e traballadoras con bonos para desfrutar en establecementos comerciais e de restauración e aloxamento de Tui. Para participar en esta iniciativa abríuse un formulario dispoñible na web municipal www.tui.gal.

Mercadiño de libros solidarios

Do 4 ao 12 de decembro, a Biblioteca Municipal de Tui organizou un mercadiño solidario de libros, en colaboración co departamento de Servizos Sociais do Concello.

Nestas xornadas, a Biblioteca Municipal ofrece os libros destinados ao expurgo, procedentes dos seus propios fondos ou de doazóns de veciños,

para que aqueles lectores interesados poidan recoller aquelas obras que resulten do seu interese, a cambio da entrega de produtos do Nadal cunha finalidade solidaria.

Os libros ofertados son de temática moi ampla e variada, dende novelas, libros infantís e xuvenís, libros de coñecementos ou de non ficción.

PONTEVEDRA

Deputación de Pontevedra reclama á Xunta un "plan de rescate" para a hostalería

Logo dunha sesión plenaria, a Deputación de Pontevedra esixiu á Xunta de Galicia un plan de rescate integral da hostalería e dos sectores máis afectados polas medidas sanitarias adoptadas en relación á COVID-19.

A moción, aprobada con 16 votos a favor dos grupos do PSdeG-PSOE e 12 en contra do PP, criticou o feito de que a Xunta de Galicia recibira recursos extraordinarios por parte do go-

verno central para atender a pandemia e que, pola contra, os concellos tiveron que asumir gastos imprevistos sen axudas dos gobernos autonómico e estatal.

Durante esta sesión aprobouse igualmente unha modificación de crédito, por importe de 150.000 euros, para que os concellos pontevedreses poidan usar as baixas na adxudicación das obras Plan de Reequilibrio do ano 2017, no marco do operativo provincial do Plan Concellos.

Por outra banda, o pleno deu tamén o visto bo por unanimidade ao investimento de 4.431.000 euros para a conservación dos 1.700 Km da rede provincial de estrada. Toda vez, a corporación foi informada do período medio de pagamento a provedores, de 10,6 días de media no mes de outubro, case tres días menos que o anterior rexistro, un dato que sitúa á Deputación entre as administracións máis áxiles a nivel estatal.

O Centro de acollida da Deputación supera as 500 adopcións en 2020



O Centro de Acolida e Protección de Animais (CAAN) da Deputación de Pontevedra logrou bater a súa marca histórica de adopcións anuais, que estaba en 466 animais, a 514 nas súas instalacións da Armenteira.

Todo isto tomando en conta que os procesos de adopción estiveron suspendidos entre o 14 de marzo e o 11 de maio

polo confinamento derivado da pandemia da Covid. Desde 2015, a cifra de cans e cadelas acollidas no CAAN é de 2.500, moitos deles de Galicia, España e incluso do estranxeiro, destacando Portugal.

O CAAN presta servizo a 50 concellos pontevedreses. No apartado de recollidas, contabilizáronse en 1.052 no que vai de 2020, sendo de 1.332 no 2019.

Xornada TurisTIC sobre o turismo do futuro

A Deputación de Pontevedra organizou a III xornada TurisTIC en formato on line, que contou coa participación de expertos sobre a situación actual do sector turístico e a súa recuperación a través do uso das novas tecnoloxías.

A xornada foi seguida por máis de 1.100 persoas ao través da canle de Youtube e das redes sociais da Deputación, conseguindo unha media de visualización de ate 57 minutos por persoa. Entre as temáticas tratáronse as oportunidades que ofrece o turismo intelixente en materia de sostiabilidade e a dixitalización e as novas tecnoloxías no sector para a eficacia dos servizos.

Durante a apertura de TurisTIC, Carmela Silva, presidenta da Deputación, afirmou que o sector turístico "representa un 11% do PIB", polo que avogou por "apos-



tar por un desenvolvemento turístico intelixente" e adaptalo "á Axenda 2030" de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU.

Na xornada participaron o presidente do Clúster de Turismo, Cesáreo Pardo; o presidente do Clúster TIC Galicia, Antonio Rodríguez del Corral; a directora de Innovación, Educación e Investimentos da Organización Mundial

de Turismo (OMT), Natalia Bayona; Kin Martínez, CEO de Esmerarte e presidente da Federación da Música de España; Lucía Freitas, chef e propietaria do restaurante A Tafona (con Estrela Michelin); Marían Gómez Alonso, xerente e propietaria de Casa A Pedreira; e Ana Trevisani, directora da Asociación de Organizadores Profesionais de Congresos (OPC) de Galicia.

Deputación e Academia de Ciencias pechan ciclo de conferencias científicas

A Deputación de Pontevedra e a Real Academia Galega de Ciencias pecharon cun dobre webinar o Ciclo de Conferencias Científicas "Aída Fernández Ríos", co obxectivo de divulgación científica entre o alumnado de institutos de Forcarei e de Vigo.

Esta edición contou coa parti-

cipación de expertos como o catedrático en Electromagnetismo (USC) Jorge Mira; a catedrática de Bioloxía, Concepción Herrero López; a investigadora Isabel Medina, do Instituto de Investigacións Mariñas (IIM) do CSIC en Vigo; e Fernando Pérez González, catedrático de Teoría da Sinal e

Comunicacións na UVigo e académico da Real Academia Galega de Ciencias.

Este ciclo tratou temas de interese como os avances na sanidade, a controversia sobre o cambio de hora, a intelixencia artificial, a tecnoloxía das cadeas de bloques ou a incerteza do ciclo económico.

UNED Pontevedra aproba Orzamento 2021 de 2,3 millóns de euros



A Xunta Reitora do Consorcio do Centro Asociado á UNED en Pontevedra, presidida por Carmela Silva, aprobou o orzamento para o exercicio 2021 que ascende a preto de 2,3 millóns de euros, un índice lixeiramente inferior ao de 2020 (115.713 € menos).

Tamén se aprobou o plan académico docente do curso 2020-2021, que continuará a liña do curso anterior pero respondendo ás necesidades do

alumnado por mor da situación sanitaria. Así, nomeuse un novo equipo directivo absolutamente partitario, con Víctor Manuel González Sánchez como director e cinco homes e mulleres nos postos executivos.

O orzamento 2021 contempla 600.000 € para gastos de persoal y profesores-titores, máis de 915.000 euros para gastos correntes en bens e servizos, máis de 715.000 € para transferencias correntes e preto de 60.000 € para investimentos.

8,3 millóns de euros no Plan Concellos 2021 para a Comarca de Vigo

Os concellos da Comarca de Vigo recibirán o próximo ano 2021 case 8,3 millóns de euros (8.288.862€), dentro do Plan Concellos que impulsa a Deputación de Pontevedra, o que supón a maior transferencia de recursos da historia da institución provincial.

O Plan Concellos 2021, que incrementa o seu monto ata os 42,5 millóns, foi presentado pola presidenta da Deputación, Carmela Silva, e o vicepresidente César Mosquera. Así, os investimentos para O Porriño son de 1.149.865 euros; Nigrán 1.042.429 euros; Redondela 1.031.803 euros; Gondomar 1.012.093 euros; Mos 1.000.877 euros; Baiona 963.810 euros; Salceda de Caselas 694.904 euros; Soutomaior 573.666 euros; Pazos de Borbén 420.155 euros; e Fornelos de Montes 399.256 euros.

Os Concellos máis pequenos



son os máis beneficiados: aqueles entre 1 e 10.000 habitantes recibirán 20.250.000 €; os de entre 10.001 e 20.000 terán 14.300.000 €; e os de entre 20.001 e 50.000 habitantes recibirán 7.950.000 €. Tamén contempla partidas orzamentarias

destinadas a superar os efectos da pandemia.

No relativo ao balance do Plan Concellos 2016-2021, Silva e Mosquera informaron que nestes cinco anos, a Deputación achegou aos Concellos un monto total de 252 millóns de euros.

Case 4 millóns de euros para o Baixo Miño no Plan Concellos 2021

Os concellos do Baixo Miño recibirán en 2021 case 4 millóns de euros, (3.971.191€), do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, que en toda a provincia ascende ata os 42,5 millóns, segundo in-

formaron a presidenta da Deputación, Carmela Silva, e o vicepresidente César Mosquera.

Deste xeito, na Comarca do Baixo Miño, os investimentos do Plan provincial serán para Tomiño de 1.231.581 euros; Tui,

1.029.037 euros; A Guarda, 677.414 euros; O Rosal, 575.486 euros; e Oia, 457.671 euros. No relativo ao balance 2016-2021 do Plan Concellos, os investimentos na comarca do Baixo Miño achegáronse a 24.041.273€.

Memoria histórica no comic de Kiko da Silva e Pablo Prado, "Os berros da motocicleta"

Ata mil exemplares vanse a editar de Os berros da bicicleta, un cómic co que se pretende achegar á mocidade a figura de Josefina Arruti Viaño, unha das persoas sobre as que investiga o programa municipal do Concello de Pontevedra, A memoria das mulleres.

O cómic, que conta cun guión de Kiko da Silva e coas ilustracións do debuxante Pablo Prado, busca "espertar a curiosidade" da xente nova pola memoria histórica, utilizando para iso unha linguaxe "máis acaída" para eles, explicou o edil de Patrimonio histórico, Xaquín Moreda.

"A banda deseñada é a maneira perfecta para coñecer a nosa historia", afirmou Da Silva, que destacou a "profesionalidade" mostrada por Pablo Prado, alumno do Garaxe Hermético. "Non parece unha ópera prima", engadiu con respecto ao seu traballo.

Josefina Arruti foi esposa do alcalde republicano Bibiano Fernández Osorio-Tafall. Só por iso estivo encarcerada durante 18 meses e case dous anos máis sometida a arresto domiciliario, xunto cos seus tres fillos pequenos, na actual rúa de Benito Corbal.

Quedou soa, co seu home exiliado fóra do país e ao que nunca volveu a ver en vida. Foi sinalada pola sociedade da época e pasou



dunha situación acomodada a converter a súa casa nunha pensión. A súa historia quedou agachada ata que foi recuperada por este programa.

Kiko da Silva explicou que a creación deste cómic foi un proceso "complicadísimo" porque apenas había información sobre esta muller. "Feron dous anos de busca complexos, buscando datos que moitas veces nin sequera a familia sabía claramente como eran", destacou o autor.

Ademais, o libro inclúe guiños á Pontevedra dos anos 30, a feitos históricos como o asasinato de Alexandre Bóveda ou de Víctor Casas, instantáneas do álbum familiar da propia Josefina ou correspondencia dela co seu home que se conserva no Museo de Pontevedra.



Camposancos organiza un roteiro de Nadal

A alcaldesa da Entidade Local Menor de Camposancos xunto cos veciños o de Camposancos, convidan a todas as persoas interesadas a desfrutar dun roteiro e un Nadal espallado polas rúas de Camposancos. “Queremos celebrar un Nadal diferente, sostible e ecolóxico, sen plásticos nin brillos, centrado nas crianzas”.

A veciñanza traballou arreo para construír unha mini-aldea con material de refugallo, restos de poda, cabacos e anacos de madeira, para que a rapazada de toda a comarca percorra os

camiños de Camposancos cunha sinalización de camiños para coñecer o percorrido, guiando os pequerrechos aos seus pais e nais, cara un Nadal máis cálido e familiar.

Prevese que o apalpador baixe do Monte Trega as tardes do 24 e 31 de decembro, mais este ano non vai apalpar nas barriñas da cativada por mor do COVID.

Tamén se ten previsto o acendido do alumeado e a presentación da ornamentación da Praza de San Amaro o día 8 de decembro ás 17:00 horas.



As socialistas de Tomiño visitan ao comercio local



As socialistas de Tomiño no sábado 5 e o luns 7 de Decembro fixeron un percorrido levando un agarrimo ó comercio e hostalaría local, nun ano especialmente

complicado e convulso para o sector. Foron moi ben acollidas, e por suposto moi receptivas as demandas dos comerciantes, pois teñen moito que dicir.

Tui acolle a exposición itinerante “Benjamín de Tudela, un viajero en el tiempo”

Do 1 ao 12 de decembro, Tui acolleu a exposición “Benjamín de Tudela. Un viajero en el tiempo”, unha mostra itinerante de 54 fotografías polas cidades que integran a Red de Juderías de España, destacando as das comunidades sefardís do Mediterráneo e Europa.

Para o concelleiro de Patrimonio, Turismo e Camiño de Santiago do Concello de Tui, Laureano Alonso,

esta exposición permite achegarnos a un percorrido pola “ruta do viaxeiro máis internacional da Idade Media: de Tudela a Xerusalén pasando por Roma, Alexandría, Constantinopla ou Francia”.

A exposición recolle o estado actual das xuderías e dos países que Benjamín de Tudela visitou entre 1163 e 1174, impresións recollidas posteriormente no seu Libro de Viaxes publicado en

Constantinopla en 1543.

Benjamín de Tudela era fillo do rabí Jonás, cunha ampla formación en historia, ademais de ser coñecedor do hebreo, arameo, grego, latín e árabe. En total, visitou 190 cidades de Europa e Oriente, converténdose nunha das primeiras fontes da demografía xudía. O seu Libro de Viaxes (Sefer Maasot), publicado en hebreo en Constantinopla en 1543, baséase nas notas



e impresións recollidas durante o seu longo periplo.

O concelleiro Alonso sinala como esta exposición é unha das actividades programadas pola Red

de Juderías entre os seus socios para a promoción e difusión do legado da cultura xudía, que ten en Tui un dos lugares sobranceiros no Noroeste peninsular.

Óptica mahen
mahen audióprótesis

Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4